


INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

(Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural)

Curso 2021/22

R1 DO-0201 P1



INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CURSO 2021-2022

Índice

I.	Información xeral	2
II.	Coordinación	2
III.	Accións de coordinación	3
	3.1. Calendario de xestión da planificación académica	3
	3.2. Reunións de coordinación da CAM	4
	3.3. Accións académicas docentes: PDA/POD, Guías Docentes, Horarios, Avaliación, TFM, Prácticas, Admisión de alumnos	6
	3.4. Accións académicas da titulación: Promoción e publicidade, Sesión de Orientación e Acollida, Conferencia Inaugural, Sesión informativa liñas de investigación-oferta de TFM, Bolsas propias de mobilidade, Novo Regulamento de Prácticas, Actualización e novo formato da WEB	8
IV.	Conclusións	9

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Máster universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Historia
Modalidade Plano de estudos	Semipresencial - <i>Online</i> Curso 21-22: Plan 2018
Curso de implantación	2014/2015
Edicións do Mestrado	8ª edición

II. COORDINACIÓN

Coordinación de título	Fermín E. Pérez Losada		
Coordinadores de módulo docente	Módulo	Coordinador	Centro
	Módulo 1	Fermín Pérez Losada	Facultade de Historia
	Módulo 2	Joaquin Martínez Sánchez	Esc. Enx. Minas e Enerxía
	Módulo 3	Beatriz Comendador Rey	Facultade de Historia
	Módulo 4 (Practicum+TFM)	Domingo Rodríguez Teijeiro	Facultade de Historia
CAM	Cargo	Responsable	Centro
	Coordinador	Fermín Pérez Losada	Facultade de Historia
	Secretario/a	Adolfo Fernández Fernández (ata 21/04/2022) Mercedes Solla Carracelas (desde 21/04/2022)	Facultade de Historia Esc. Enx. Minas e Enerxía
	Vogal	Belén Riveiro Rodríguez	Escola Enxeñaría Industrial
	Vogal	Mercedes Solla Carracelas (ata 21/04/2022) Adolfo Fernández Fernández (desde 21/04/2022)	Esc. Enx. Minas e Enerxía Facultade de Historia
	Vogal	Elena de Uña Álvarez	Facultade de Historia
	Vogal	Joaquin Martínez Sánchez	Esc. Enx. Minas e Enerxía

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN**3.1. CALENDARIO DE XESTIÓN DA PLANIFICACIÓN ACADÉMICA
(CURSO 2021-2022)**






TAREFA	RESPONSABLE	DATAS
Elaboración e aprobación PDA e oferta prazas Máster 21-22	CAM / Xta. Fac.	Febreiro-Marzo 2021
Elaboración e aprobación POD curso 21-22	CAM / Cons. Dep.	Marzo-Abril 2021
Elaboración, revisión e aprobación de Guías Docentes 21-22	Profesorado / Coord.	Xullo 2021
Listaxe valorada de admisión no Máster 21-22 (1º prazo)	CAM	Xullo 2021
Listaxe valorada de admisión no Máster 21-22 (2º prazo)	CAM	Setembro 2021
Aprobación do calendario xeral, horarios, probas de avaliación, cronograma de Prácticas e calendario/cronograma de convocatorias, depósito e defensa de TFMs 21-22	CAM	Setembro 2021
Aprobación de matrículas fóra de prazo	Coord. / CAM	Setembro 2021
Sesión de orientación e acollida para o novo alumnado do curso 21-22	Coord. / CAM	Setembro 2021
Programación e execución do PAT 21-22	Respons. PAT / CAM	Outubro 2021 – Outubro 2022
Sesión de presentación ao alumnado de liñas de investigación e oferta de TFMs por parte do profesorado 21-22	Respons. TFM / Coord.	Outubro 2021
Aprobación de solicitudes de convalidación (1º prazo) 21-22	CAM	Outubro-Novembro 2021
Aprobación solicitudes de TFM para convocatoria adelantada e sorteo de composición de tribunais xulgadores 21-22	CAM	Decembro 2021
Aprobación do balance económico do exercicio 2021 e da proposta de reparto de partidas para o exercicio económico 2022	CAM	Decembro 2021
Listaxe definitiva de TFMs para convocatoria adelantada e asignación de tribunal xulgador 21-22	CAM	Febreiro 2022
Aprobación de solicitudes de convalidación (2º prazo) 21-22	CAM	Febreiro-Marzo 2022
Listaxes provisionais e definitiva de asignación de prácticas 21-22	CAM	Febreiro-Marzo 2022

DO-0201 P1 anexo I de 31/10/2022:

Informe de acción de coordinación




Aprobación solicitudes e tribunais de TFM para convocatorias ordinarias (xuño, xullo, setembro) 21-22	CAM	Febreiro-Marzo 2022
Asignación tribunais e días/horas de actuación para defensa de TFMs convocatoria de setembro 21-22	CAM	Setembro 2022
Aprobación Informe de coordinación	Comisión de calidade	Outubro-Novembro 2022
Aprobación Informe de coordinación	CAM / Xta Fac	Novembro 2022

3.2. REUNIÓN DE COORDINACIÓN DA CAM

Data	Orde do día	Documento xustificativo
06/09/2021 CAM Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> Aprobación, se procedese, das actas das CAMs precedentes (26/03/2021, 25/06/2021, 09/07/2021, 20/07/2021 e 29/07/2021). Informe do Coordinador. Aprobación, se procedese, de asignación de tribunais e días/horas de actuación para lectura e defensa de TFMs na convocatoria de setembro 2021. Asuntos de matrícula no curso 21-22: aprobación, se procedese, da listaxe provisional do 2º prazo de admisión no Máster. Asuntos de calendario/horarios do curso 21-22: aprobación do calendario xeral do Máster; do calendario de datas de avaliación; do cronograma de prácticas; do cronograma semanal de sesións, actividades e probas de avaliación; do calendario xeral do TFM e dos cronogramas e protocolos de depósito e defensa nas convocatorias adiantada e ordinarias. Rogos e preguntas. 	 Acta_CAM_2021_09_06.pdf
16/09/2021 CAM Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> Aprobación, se procedese, da Listaxe Definitiva de admitidos-excluídos no Mestrado no 2º prazo de inscrición do curso 21-22 (16/09/2021). 	 Acta_CAM_2021_09_16.pdf
22/10/2021 CAM Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> Aprobación, se procedese, do Informe FAVORABLE sobre recoñecemento de créditos (equivalencia entre plans de estudos) solicitado pola alumna Natalia Soledad Corrales Dacal. 	 Acta_CAM_2021_10_22.pdf
26/11/2021 CAM Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> Aprobación, se procedese, do Informe FAVORABLE sobre recoñecemento de créditos (convalidación de prácticas) solicitado polos alumnos J.F. Inês Chaves, C. Cantero Fernández, M.T. Cebrián González e O. Alonso Delgado, no 1º prazo (novembro 2021) 	 Acta_CAM_2021_11_26 Rev.pdf
22/12/2021 CAM Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> Aprobación, se procedese, das Actas das CAM precedentes (06/09/2021; 16/09/2021; 22/10/2021; 26/11/2021) Informe do Coordinador Asuntos de TFM : <ul style="list-style-type: none"> Aprobación do listado provisional de TFMs autorizados pola CAM para Convocatoria Adiantada 21-22 Sorteo de membros de tribunais de TFM para o curso 21-22 Asuntos económicos: <ul style="list-style-type: none"> Execución de gastos (publicidade, profesorado externo, bolsas, etc) do exercicio económico 2021 Orzamento do exercicio económico 2022 e proposta de reparto de partidas Rogos e preguntas 	 Acta_CAM_2021_12_22 Rev.pdf

DO-0201 P1 anexo I de 31/10/2022:

Informe de acción de coordinación

15/02/2022 CAM Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procedese, das Actas das CAM precedentes (06/09/2021; 16/09/2021; 22/10/2021; 26/11/2021; 22/12/2021) 2. Informe do Coordinador 3. Aprobación/Refrendo dos seguintes asuntos de TFM: <ul style="list-style-type: none"> • Listaxe DEFINITIVA de TFMs autorizados pola CAM (asignación de títulos e titores) para a Convocatoria Adiantada do curso 21-22 • Asignación de Tribunais e días/horas de actuación para lectura e defensa de TFMs na convocatoria de febreiro 2022 • Listaxe PROVISIONAL de TFMs autorizados pola CAM (asignación de títulos e titores) para as convocatorias ordinarias (xuño, xullo e setembro) do curso 21-22. 4. Aprobación/Refrendo dos seguintes asuntos de Prácticas: <ul style="list-style-type: none"> • Informe técnico da CAM sobre solicitudes de convalidación de Prácticas tramitadas no 2º prazo (Febreiro 2022). • Listaxe PROVISIONAL de asignación de centro e titor de Prácticas (15/02/2022) 5. Rogos e preguntas 	 Acta_CAM_2022_02_15 REV.pdf
18/03/2022 CAM Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procedese, da acta da CAM precedente (15/02/2022). 2. Aprobación, se procedese, da Listaxe provisional (versión 2) de TFMs autorizados pola CAM (asignación de títulos e titores) para as convocatorias ordinarias (xuño, xullo e setembro) do curso 21-22. 3. Aprobación, se procedese, do Informe técnico da CAM sobre solicitudes de convalidación de Prácticas tramitadas no 2º prazo (Marzo 2022). 4. Aprobación, se procedese, do límite de prazas, da distribución da PDA máxima (317 horas) e mais do reparto da bolsa de recoñecementos (55 horas) para o curso 22/23. 5. Asuntos de última hora (se os houberse). 6. Rogos e preguntas. 	 Acta_CAM_2022_03_18 REV.pdf
21/04/2022 CAM Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procedese, da acta da CAM precedente (18/03/2022). 2. Informe do Coordinador 3. Aprobación, se procedese, do POD do Mestrado para o vindeiro curso 2022/2023. 4. Renovación, se procedese, do cargo de secretario/a da CAM por mor da dimisión voluntaria do secretario actual. 5. Asuntos de última hora (se os houberse). 6. Rogos e preguntas. 	 Acta_CAM_2022_04_21 REV.pdf
15/07/2022 CAM Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procedese, da acta da CAM precedente (21/04/2022) 2. Informe do Coordinador. 3. Aprobación, se procedese, da Listaxe PROVISIONAL de Admisión no Máster correspondente ao 1º prazo de inscrición para o curso 22-23. 4. Aprobación, se procedese, das Guías Docentes (DocNet) para o curso 22-23. 5. Aprobación, se procedese, de asuntos de calendario/horarios para o curso 22-23: <ul style="list-style-type: none"> • Calendario xeral do Máster • Calendario de Datas de Avaliación • Calendario de Convalidacións (recoñecemento de créditos) • Calendario de Convocatoria Adiantada • Cronograma de Prácticas • Cronograma diario <i>Google Calendar</i> de sesións <i>online</i>, actividades e probas de avaliación • Calendario xeral do TFM e cronogramas/protocolos de depósito e defensa nas convocatorias de febreiro, xuño, xullo e setembro. 6. Aprobación, se procedese, do <i>Regulamento de Prácticas Externas</i> do Máster 7. Rogos e preguntas. 	Acta pendente de aprobación
27/07/2022 CAM Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procedese, da Listaxe Definitiva de admitidos/excluídos no Mestrado no 1º prazo de inscrición do curso 22-23 (27/07/2022). 	Acta pendente de aprobación

3.3. ACCIÓNS ACADÉMICAS DOCENTES: PDA-POD, GUÍAS DOCENTES, HORARIOS, AVALIACIÓN, TFM, PRÁCTICAS, ADMISIÓN DE ALUMNOS

➤ PDA-POD

25/02/2021: Aprobación na CAM da PDA do para o curso 21-22. Corrección de erros de oficio en reunión posteriores.



Informe de PDA
Máster 21-22 Aprob

26/03/2021: Aprobación na CAM do POD do Mestrado para o curso 21-22. Corrección de erros de oficio en reunión posteriores.



Informe POD
Máster 21-22 DEF (A)

➤ Guías Docentes (DocNet)

01/07/2021: Comunicación por mail a tódolos profesores coordinadores de materias, enviándolle un documento coas novidades e/ou indicacións do curso (plan de continxencias, planificación, metodoloxías, probas de avaliación, publicación en tres idiomas) e solicitándolle a súa revisión.



Instruccions
DocNet 21-22 Maste

01/07 a 08/07/2021: Revisión final do coordinador das guías docentes enviadas polo profesorado. Bloqueo final da aplicación unha vez que todas as materias estiveron revisadas.



DocNet 21-22
Materias Revisadas.¡

09/07/2021: Aprobación das Guías Docentes na CAM.

➤ Calendario, horarios, probas de avaliación, cronograma do TFM

Setembro/2021: Elaboración por parte do Coordinador do calendario xeral do Máster, do calendario de datas de avaliación, do cronograma de prácticas e do cronograma semanal de sesións, actividades e probas de avaliación. Tamén se elaboran o calendario xeral do TFM e os cronogramas e protocolos de depósito e defensa nas convocatorias adiantada e ordinarias.



Fechas límite
Evaluación 2021-202



Calendario-Horario
s Máster HTCO3 21-;



Calendario
Convocatoria Adelar



Calendario general
master 2021-2022.pc



HTCO3_Practicas_cr
onog_2021-2022.pd



Calendario general
TFM curso 2021-202



Cronograma
protocolo actuación



Cronograma
protocolo actuación

Setembro/2021: Revisión e corrección puntual dos horarios e cronogramas segundo as alegacións recibidas dos profesores. Aprobación destes documentos na CAM celebrada o 06/09/2021, subíndose posteriormente á web para a súa difusión pública.

➤ **Cronograma, tramitación e resolución de convalidacións (recoñecemento de créditos)**

Setembro/2021: Calendario xeral de convalidacións 2021-2022.



Calendario
Convalidaciones 202

Outubro-Novembro/2021: Recoñecemento de créditos (convalidacións) presentadas no 1º prazo



Informe técnico
Convalidacións (car



Informe técnico
Convalidacións Prác

Febreiro-Marzo/2022: Recoñecemento de créditos (convalidacións) de Prácticas presentadas no 2º prazo



Informe técnico
Convalidacións Prác



Informe técnico
Convalidacións Prác

➤ **Asignación e realización de Prácticas**

Febreiro/2022: Listaxe provisoria de asignación de Prácticas 2021-2022.



2022 Listado
provisional Practicas

Marzo-Abril/2021: Listaxe final de realización de Prácticas 2021-2022



2022 Listado final
Practicas Máster (ma

➤ **Aceptación de solicitudes e asignación de tribunais para lectura e defensa de TFMs.**

Decembro/2021-Febrero/2022: Sorteo para composición de tribunais xulgadores (22/12/2021). Aprobación de listaxe de TFMs autorizados para Convocatoria Adiantada (provisional 22/12/2021; definitiva 15/02/2022). Asignación de tribunal xulgador (15/02/2022).



Tribunales TFM
2021-2022.pdf



Listado TFMs
autoriz CAM para Cc



Listado TFMs
autoriz CAM para Cc



Asignacion
tribunales conv feb

Marzo/2022: Aprobación de Listaxe provisional (18/03/2022) e definitiva (25/03/2022) de solicitudes de titoración de TFM para convocatorias ordinarias



Listado TFMs
autorizados CAM Cc



Listado TFMs
autorizados CAM Cc

Setembro/2022: Aprobación de asignación definitiva de tribunais e de día/hora de actuación para a lectura de TFMs na convocatoria de setembro (08/09/2022)



Asignacion
tribunales conv sete

➤ Admisión de alumnos/as para matrícula no Máster (1º e 2º prazo).

Xullo-Setembro/2022: Publicación das listaxes definitivas de admisión de alumnos no Máster para o curso 22-23, tanto no 1º prazo (xullo) como no 2º (setembro) e incluso no 3º prazo (outubro), aprobadas nas CAM respectivas de 27/07, 15/09 e 11/10 de 2022.



Lista DEFINITIVA
Admis-Exclus 1º Praz



Lista DEFINITIVA
Admis-Exclus 2º Praz



Lista DEFINITIVA
Admis-Exclus 3º Praz

3.4. ACCIÓNS ACADÉMICAS DA TITULACIÓN: PROMOCIÓN E PUBLICIDADE, SESIÓN DE ORIENTACIÓN E ACOLLIDA, CONFERENCIA INAUGURAL, SESIÓN INFORMATIVA DE LIÑAS DE INVESTIGACIÓN E OFERTA DE TFM, BOLSAS PROPIAS DE MOBILIDADE, NOVO REGULAMENTO DE PRÁCTICAS, ACTUALIZACIÓN E NOVO FORMATO DA WEB

Xullo-Setembro 2021: A alta demanda de matrícula no Máster, acontecida xa desde o 1º prazo (xullo 2021), fixo innecesaria a habitual campaña promocional (anuncios en prensa escrita e dixital, video promocional difundido en redes) que si se fixera en cursos precedentes. A promoción quedou restrinxida ao *mailing* personalizado interno a tódolos graduados en Historia, Belas Artes ou Turismo da Uvigo e mais a difusión dun texto informativo básico nas redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram) da Facultade de Historia.



Texto Promoc
Master HTCO3 cursc

Setembro 2021: Habitual xornada de orientación e acollida ao alumnado (lévase facendo desde 2017), celebrada en sesión *e-meeting* o 22/09/2021. A sesión foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as no espazo común da plataforma MooVi do Mestrado.

Outubro 2021: Sesión de presentación ao alumnado de liñas de investigación e oferta de TFM's por parte do profesorado do Mestrado, celebrada en sesión *e-meeting* o 27/10/2021. É a segunda vez que se organiza esta sesión (a 1ª ocasión foi no curso 20-21). A sesión foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as na plataforma MooVi da materia TFM.

Novembro 2021: Conferencia inaugural invitada do Máster, a cargo dun recoñecido profesional/investigador en materia de Patrimonio Cultural. Nesta primeira ocasión, a invitada foi Rebeca Blanco Rotea (Consello da Cultura Galega – Universidade do Minho), quen impartiu a ponencia “A arqueoloxía nos procesos de restauración e rehabilitación de edificios históricos: entre a consubstancialidade e o instrumentalismo” en sesión *e-meeting* o 25/11/2021. A conferencia tamén foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as no espazo común da plataforma MooVi do Mestrado.

Abril/2022: Convocatoria de bolsas propias da Uvigo para mobilidade do Mestrado (4 bolsas de 100 € para desprazamentos diarios sen cambio de residencia, para realizar as prácticas ou TFM); Infelizmente, non houbo ningunha solicitude do alumnado, co cal as 4 bolsas quedaron desertas.

Xullo 2022: Elaboración e aprobación do novo “Regulamento de Prácticas Externas HTCO3” (CAM do 15/07/2022).



Regulamento_Practicas_Externas_HTCO3

Xullo 2022: Migración da web do Máster ao novo formato dos mestrados da Uvigo. Actualización xeral de datos e contidos, duplicando pestanas relativas ao curso actual (21-22) e mais ao curso próximo (22-23)

IV. CONCLUSIÓNS

No curso 2021-2022 foi onde houbo unha meirande demanda de matrícula (65 solicitudes) nos 8 anos que levamos de edición ininterrumpida do Mestrado. Xa durante o 1º prazo (xullo 2021) houbo 35 solicitudes, feito que obrigou a valorar e baremar aos candidatos/as xa daquela, das cales 22 foron admitidas e outras 10 quedaron en lista de agarda, aínda que ao final só foron 17 os alumnos matriculados, dadas as moitas renuncias e anulacións de matrícula acontecidas. Isto obrigou a abrir o 2º prazo de

inscrición (setembro 2021), no que houbo 30 solicitudes para optar ás 5 prazas dispoñibles, quedando novamente 23 solicitantes na listaxe de agarda. Finalmente, tras as consabidas anulacións e renuncias, o número de alumnos matriculados quedou establecido en 21 persoas.

Esta alta demanda de matrícula, acontecida xa desde o 1º prazo (xullo 2021), fixo innecesario facer calquera campaña promocional do Mestrado (salvo o *mailing* interno a tódolos graduados en Historia, Belas Artes ou Turismo da Uvigo), a diferenza do que tiña ocorrido durante os dous cursos precedentes.

Xa que logo, a demanda e interese académico e social de matrícula no Mestrado semella estar ben estabilizada e perfectamente sostible para o futuro: 21 matriculados neste curso, superándose así a media de 19,25 matrículas obtida nas últimas 8 edicións da titulación. Tamén se mantén a media de estudantes estranxeiros, tanto sexan procedentes do EEES (1) como de fóra do mesmo (1), estes últimos sempre de América Latina. Respecto ao estudantado de orixe nacional, increméntase moderadamente a presenza de alumnos da UVigo (7) e doutras universidades galegas (8), disminuíndo lixeiramente os que proveñen de universidades do resto de España (4). Estes datos fican resumidos no cadro seguinte:

Curso	Solicit.	Matric.	Estranx. Amer. Lat.	Estranx. EEES	Uvigo	Univ. Galicia	Univ. España
21-22	65	21	1	1	7	8	4
20-21	33	19	2	0	4	6	7
19-20	42	21	2	1	8	6	4
18-19	29	16	1	1	4	6	4
17-18	33	20	2	1	5	6	6
16-17	27	19	3	1	s.d.	s.d.	s.d.
15-16	43	20	0	0	s.d.	s.d.	s.d.
14-15	27	18	0	0	s.d.	s.d.	s.d.
MEDIA	37,38	19,25	1,25	0,63	5,6	6,4	5,0

Polo demais, os labores de coordinación académica e docente foron os habituais, xa ensaiados e testados en cursos precedentes: aprobación da PDA e POD para o curso 21-22 (febreiro-abril 2021); elaboración, revisión e aprobación das Guías Docentes (xullo 2021); elaboración e aprobación de calendarios, horarios e probas de avaliación (setembro 2021); programación do plan de acción titorial (PAT); publicación das listaxes de admisión no curso 22-23 nos tres prazos nos que estivo aberta (xullo, setembro e outubro 2022).


Como a totalidade da docencia do Máster é *online* (plataforma *e-meeting*), este non se viu excesivamente afectado polas medidas de confinamento e/ou distanciamento social provocado pola COVID19. Mantivéronse as medidas ensaiadas no curso precedente respecto ás Prácticas, isto é, permitir os cambios extraordinarios de centro ou empresa e, sobre todo, ampliar grandemente o periodo de realización,

incluíndo os meses de verán (xullo e agosto). Aínda así, unha maioría de estudantes (7) optou por convalidar as prácticas por experiencia laboral equivalente, sendo soamente 6 alumnos os que se decantaron por facer as prácticas, todas elas presenciais.

As accións de índole académica estiveron restrinxidas á unha mínima campaña informativa do Máster canda o 1º prazo de matrícula (xullo 2021), á habitual xornada de orientación e acollida ao alumnado (lévase facendo desde 2017), á 2ª sesión (a 1ª foi no curso 20-21) de presentación ao alumnado de liñas de investigación e oferta de TFM's por parte do profesorado e, como novidade, a celebración dunha Conferencia Inaugural invitada do Máster, a cargo dun recoñecido profesional/investigador en materia de Patrimonio Cultural. Tamén son de sinalar os avances na elaboración de normativas e regulamentos (novo Regulamento de Prácticas Externas HTCO3 de 15/07/2022) e, especialmente, a total renovación e actualización da web do Máster en xullo de 2022.

Seguindo a tónica de cursos anteriores, o número de TFM's defendidos durante o curso 21-22 segue a ser moi baixo (8 defensas), das cales ademais soamente 4 corresponden a alumnado do propio curso (as outras 4 son de alumnos procedentes de cursos anteriores). Outro dato a destacar é que case todas as defensas foron na convocatoria de setembro (7), quedando desertas as convocatorias de xuño e xullo. Este problema endémico do Máster xa foi tratado repetidamente en varias reunións da CAM, ensaiándose algunhas ideas para poder solucionalo ou paliarlo –p.e. posibles TFM “confidenciais” ligados ás prácticas en empresas e institucións; modificación da composición dos tribunais xulgadores para que sexan máis especializados na materia, que poderían incluír ao director/a do TFM en cuestión– que pretendemos que estean vixentes no vindeiro ano 2023.

Ourense, a 31 de outubro de 2022



Asdo. Fermín E. Pérez Losada
Coordinador do Máster HTCO3